


3.3

ámbito de demandas de trabajo



No apartado de demandas de traballo establécese unha diferenza entre os demandantes globais e parados. Os primeiros representan todas as persoas que realizan unha demanda nos servizos públicos de emprego en Galicia, estean ou non desempregados, en tanto que os segundo se refiren en exclusiva aos que se atopan en situación de desemprego.

Esta separación permite modular en mellor medida a incidencia das demandas nas comarcas en función da súa natureza, achegando unha maior información sobre a súa distribución nos diversos territorios.

3.3.1. Demandantes de emprego

Táboa 20: Demandantes de emprego comarcais. Total e participación en 2007. Tendencia 2003-2007 e variación 2006-2007.


Comarcas	Total	Participación	Tendencia 2003-2007	Variación 2006-2007
Vigo	33.123	16,9	-14,7	-7,8
A Coruña	25.685	13,1	-13,5	-5,7
Ferrol	14.315	7,3	-11,2	-6,5
Ourense	11.337	5,8	-12,9	-6,3
Santiago	11.337	5,8	-12,2	-6,7
Pontevedra	8.350	4,3	-11,2	-5,9
O Salnés	8.218	4,2	-9,5	-4,7
Lugo	7.912	4,0	-13,9	-7,2
O Morrazo	6.494	3,3	-11,7	-4,6
Bergantiños	5.274	2,7	-9,1	-4,3
Barbanza	4.237	2,2	-11,1	-4,8
O Baixo Miño	3.926	2,0	-5,7	-1,8
O Condado	3.224	1,6	-7,1	-4,5
Verín	2.708	1,4	1,7	4,0
Caldas	2.561	1,3	-11,1	-6,5
Eume	2.399	1,2	-9,4	-6,1
Ordes	2.277	1,2	-11,3	-7,1
Terra de Lemos	2.264	1,2	-10,6	-5,9
Noia	2.207	1,1	-8,4	-1,8
A Terra Chá	2.196	1,1	-10,4	-4,9
O Carballiño	2.049	1,0	-8,7	-5,6
Betanzos	2.010	1,0	-12,4	-4,1
Fisterra	1.907	1,0	-6,1	-4,1
Valdeorras	1.897	1,0	-4,5	-5,8
A Limia	1.860	1,0	-5,4	-0,5
Deza	1.810	0,9	-9,9	-10,4
A Mariña Occidental	1.665	0,9	-10,4	-9,0
Tabeirós-Terra de Montes	1.650	0,8	-12,8	-7,4
Terra de Celanova	1.583	0,8	-6,2	-5,0
A Mariña Central	1.560	0,8	-11,6	-6,2
Sarria	1.464	0,7	-11,5	-5,2
Terra de Soneira	1.442	0,7	-1,9	-2,1
O Ribeiro	1.349	0,7	-9,7	-6,2
O Sar	1.201	0,6	-10,9	-6,5
Xallas	1.107	0,6	-10,7	-5,2
Arzúa	961	0,5	-13,4	-10,8
Muros	934	0,5	-7,8	-1,1
A Paradanta	888	0,5	-12,9	-9,2
Allariz-Maceda	836	0,4	-6,7	-3,2
Terra de Melide	824	0,4	-0,2	0,3
A Mariña Oriental	804	0,4	-15,4	-5,7
Ortegal	792	0,4	-13,7	-7,6
Chantada	783	0,4	-16,8	-7,5
A Barcala	769	0,4	-9,5	-3,7
Os Ancares	576	0,3	-15,5	-12,5
Baixa Limia	554	0,3	-5,8	-4,2
Viana	530	0,3	-13,1	-5,8
A Ulloa	488	0,2	-15,5	-8,2
Quiroga	364	0,2	-18,7	-12,3
Terra de Trives	321	0,2	-10,7	-0,3
A Fonsagrada	261	0,1	-16,5	-15,1
Meira	223	0,1	-19,7	-16,0
Terra de Caldelas	176	0,1	-19,8	-6,5
Galicia	195.682	100,0	-11,6	-6,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

O número de demandantes de emprego en Galicia ascendeu a 195.682 durante o ano 2007 e decreceu tanto no período comprendido entre 2003 e 2007 como, dunha forma menos marcada, no último ano.

Un dos primeiros trazos a destacar é o alto grao de concentración dos demandantes, dado que máis da metade aparecen nas comarcas de Vigo, A Coruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Pontevedra, O Salnés e Lugo (61,4%).

Mapa 13: Número de demandantes de emprego. 2007.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Na provincia de Pontevedra prodúcese unha concentración de demandantes na zona circunscrita ás comarcas de Vigo, Pontevedra, O Morrazo e O Salnés. Na provincia da Coruña, o núcleo de referencia é a zona delimitada pola Coruña, Bergantiños e Ferrol, ao que habería que sumar a comarca de Santiago. Nas provincias de Lugo e


Ourense os núcleos de referencia en canto ao número de demandantes son as comarcas de Lugo e Ourense. Por outra parte, obsérvanse dúas áreas cun volume baixo de demandantes: a situada na parte máis oriental das provincias de Lugo e Ourense, e a zona centro de Galicia conformada por Arzúa, Terra de Melide, A Ulloa e Chantada.

Hai que destacar que estas comarcas sitúanse entre as de menor volume de poboación dentro do territorio galego.

Por outra parte, coa excepción de Verín, onde os demandantes aumentaron un 1,7%, en todas as comarcas hai un descenso do número de demandantes durante o período 2003-2007. Neste sentido, destacan por riba da media os descensos acontecidos en Terra de Caldelas, Meira, Quiroga, Chantada e A Fonsagrada, por debaixo do -16%. Dentro das comarcas con maior volume de demandantes, sobresaen os descensos de Vigo, Lugo e A Coruña, con valores menores ao -13%.

O número de demandantes no último ano tamén descende para o conxunto das comarcas, coa excepción de Verín (aumenta un 4%) e Terra de Melide (hai un leve repuntamento, 0,3%). Poren, este descenso é menos acusado que no conxunto do período en case todas as comarcas, coa excepción de Deza, Valdeorras e Terra de Soneira, onde os descensos son maiores.

Gráfica 10: Variación 2006-2007 das dez comarcas con maior e menor número de demandantes, e total de Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Independentemente do seu volume, o descenso continuo de demandantes é unha das características máis comúns das comarcas analizadas. Así, tanto nas comarcas con maior número de demandantes como nas que teñen menos hai un descenso

similar e algo maior que para o conxunto galego. Esta circunstancia é produto de que os descensos das comarcas cun volume intermedio de demandantes teñen niveis menos pronunciados que as grandes e pequenas comarcas.

Táboa 21: Demandantes de emprego comarcais segundo o xénero.
Peso relativo e tendencia 2003-2007.

Comarcas	Peso relativo %		Tendencia 2003-2007 %	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Vigo	36,5	63,5	-16,9	-13,3
A Coruña	38,2	61,8	-15,3	-12,4
Ferrol	40,2	59,8	-9,8	-12,0
Ourense	34,3	65,7	-15,4	-11,5
Santiago	36,9	63,1	-14,7	-10,6
Pontevedra	36,6	63,4	-15,0	-8,8
O Salnés	35,9	64,1	-13,2	-7,2
Lugo	37,5	62,5	-14,2	-13,6
O Morrazo	36,7	63,3	-11,8	-11,6
Bergantiños	34,9	65,1	-17,4	-3,8
Barbanza	36,5	63,5	-11,9	-10,7
O Baixo Miño	35,9	64,1	-11,2	-2,3
O Condado	33,6	66,4	-13,8	-3,3
Verín	35,8	64,2	-7,1	7,4
Caldas	33,7	66,3	-16,3	-8,2
Eume	61,3	38,7	-2,7	-18,3
Ordes	39,2	60,8	-18,0	-6,4
Terra de Lemos	40,7	59,3	-14,1	-7,9
Noia	42,2	57,8	-8,8	-8,1
A Terra Chá	46,8	53,2	-14,3	-6,7
O Carballiño	37,5	62,5	-14,5	-4,9
Betanzos	38,2	61,8	-18,6	-8,1
Fisterra	37,2	62,8	-13,6	-1,1
Valdeorras	35,1	64,9	-7,2	-2,9
A Limia	34,8	65,2	-12,8	-0,9
Deza	37,6	62,4	-19,4	-3,1
A Mariña Occidental	35,7	64,3	-13,4	-8,7
Tabeirós-Terra de Montes	36,7	63,3	-17,8	-9,7
Terra de Celanova	42,2	57,8	-11,9	-1,6
A Mariña Central	38,3	61,7	-9,5	-12,9
Sarria	40,9	59,1	-14,3	-9,5
Terra de Soneira	38,3	61,7	-14,9	8,4
O Ribeiro	41,7	58,3	-13,6	-6,6
O Sar	40,8	59,2	-12,0	-10,2
Xallas	47,3	52,7	-18,9	-1,8
Arzúa	38,3	61,7	-20,7	-8,1
Muros	37,3	62,7	-17,0	-1,3
A Paradanta	43,4	56,6	-20,3	-6,3
Allariz-Maceda	36,1	63,9	-16,1	-0,4
Terra de Melide	34,7	65,3	-12,5	7,8
A Mariña Oriental	41,7	58,3	-8,4	-19,7
Ortegal	44,8	55,2	-7,9	-17,9
Chantada	49,7	50,3	-16,5	-17,1
A Barcala	46,0	54,0	-16,3	-2,7
Os Ancares	48,4	51,6	-22,1	-8,3
Baixa Limia	44,0	56,0	-13,7	1,5
Viana	46,4	53,6	-20,9	-5,0
A Ulloa	45,2	54,8	-19,8	-11,7
Quiroga	42,7	57,3	-25,8	-12,6
Terra de Trives	49,7	50,3	-17,7	-2,4
A Fonsagrada	49,4	50,6	-11,9	-20,6
Meira	44,0	56,0	-19,9	-19,6
Terra de Caldelas	52,1	47,9	-22,3	-17,0
Galicia	37,9	62,1	-14,4	-9,9


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

No conxunto de Galicia e na gran maioría das comarcas predominan as demandantes mulleres sobre os demandantes homes. Esta circunstancia só se ve alterada nas comarcas de Eume e Terra de Caldelas, onde prevalecen os demandantes masculinos.

Non obstante, a maior presenza das demandantes mulleres no conxunto galego deriva da maior representación que teñen nas comarcas principais en volume de demandantes, dado que nas comarcas máis pequenas as proporcións tenden a equiparse en maior medida.

Atendendo á evolución durante o período 2003-2007, os demandantes masculinos descenderon en todas as comarcas galegas: as reducións menores prodúcense nas comarcas de Eume, -2,7%, Verín, -7,1%, e Valdeorras, -7,2%. No que respecta ás demandantes femininas, o seu volume descendeu en menor medida e mesmo nalgúns comarcas como Terra de Soneira, Terra de Melide Verín e Baixa Limia aumenta durante este período.

Gráfica 11: Variación 2006-2007 das dez comarcas con maior e menor número de demandantes, e total de Galicia segundo o xénero.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A tendencia a un maior descenso de demandantes masculinos que femininos vese reflectida cando agregamos as comarcas en función do número de demandantes. Se para o conxunto de Galicia a evolución dos primeiros é de -14,4% no período 2003-2007, a das segundas é de -9,9%. Esta

tendencia esta próxima á que se rexistra no conxunto das dez comarcas principais, mentres que nas comarcas con menor número de demandantes descenden máis notablemente os demandantes masculinos que os femininos, o -19% fronte ao -8%.

Táboa 22: Demandantes de emprego comarcais segundo os grupos de idade. Peso relativo 2007.

Comarcas	Peso relativo				
	Menores 26	26-35	36-45	46-55	Maiores 55
Vigo	11,7	25,5	21,5	22,1	19,0
A Coruña	11,0	26,8	22,2	20,4	19,6
Ferrol	12,4	23,6	20,4	22,4	21,2
Ourense	13,7	25,3	21,0	20,1	19,9
Santiago	13,8	31,5	21,8	17,5	15,3
Pontevedra	13,9	30,3	23,1	18,0	14,7
O Salnés	14,2	30,0	23,9	18,3	13,7
Lugo	16,3	27,7	22,1	18,5	15,4
O Morrazo	13,5	28,7	24,0	19,9	13,9
Bergantiños	10,4	22,9	23,4	20,6	22,6
Barbanza	14,6	31,0	24,6	18,0	11,8
O Baixo Miño	14,6	25,9	22,5	19,9	17,1
O Condado	14,4	27,9	24,6	19,0	14,1
Verín	9,7	19,3	20,9	25,4	24,7
Caldas	15,0	28,3	22,8	19,2	14,6
Eume	10,3	16,2	14,6	32,4	26,5
Ordes	12,9	25,7	20,1	19,3	22,0
Terra de Lemos	13,2	20,7	21,3	21,2	23,6
Noia	12,8	27,1	23,9	20,0	16,2
A Terra Chá	13,1	22,7	21,8	20,7	21,7
O Carballiño	11,3	23,5	20,5	20,7	24,1
Betanzos	13,3	27,7	22,9	18,7	17,5
Fisterra	12,7	24,3	24,4	21,1	17,5
Valdeorras	12,9	24,7	23,8	20,6	18,1
A Limia	10,7	18,3	18,1	24,7	28,2
Deza	16,2	28,9	22,7	16,5	15,6
A Mariña Occidental	15,0	27,7	23,1	19,5	14,6
Tabeirós-Terra de Montes	13,6	27,0	23,0	18,0	18,4
Terra de Celanova	9,2	16,3	19,6	24,7	30,3
A Mariña Central	14,9	29,3	23,4	17,2	15,1
Sarria	14,1	24,0	22,2	21,2	18,5
Terra de Soneira	11,8	23,4	23,4	20,3	21,2
O Ribeiro	11,0	19,0	16,9	24,3	28,7
O Sar	13,6	25,4	19,4	21,3	20,4
Xallas	9,7	22,0	20,4	21,2	26,7
Arzúa	13,1	23,6	25,9	19,6	17,9
Muros	10,9	24,6	25,9	22,7	15,9
A Paradanta	12,3	22,9	25,2	19,1	20,5
Allariz-Maceda	12,7	23,2	18,8	21,4	23,9
Terra de Melide	12,8	25,1	24,7	18,1	19,4
A Mariña Oriental	14,6	26,4	23,3	19,9	15,8
Ortegal	12,9	24,0	22,0	20,7	20,5
Chantada	12,9	21,5	23,0	21,2	21,5
A Barcala	9,2	23,0	22,2	19,9	25,7
Os Ancares	13,9	22,6	21,1	20,3	22,1
Baixa Limia	8,3	14,9	18,7	25,1	33,0
Viana	8,5	17,1	18,7	25,3	30,4
A Ulloa	13,5	21,5	23,5	21,2	20,3
Quiroga	10,0	19,2	22,4	21,2	27,1
Terra de Trives	9,8	17,9	22,1	27,6	22,6
A Fonsagrada	13,1	21,3	29,0	20,0	16,6
Meira	13,0	24,5	20,7	19,3	22,6
Terra de Caldelas	11,8	22,6	23,0	20,4	22,2
Galicia	12,7	26,0	22,0	20,5	18,8


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A maior parte dos demandantes tenden a se concentrar nos intervalos intermedios de idade, sobre todo nos comprendidos entre os 26 e 35 anos, o 26%.

En comarcas con pouco volume de demandantes, como Baixa Limia, Viana e Terra de Celanova, predominan os demandantes maiores de 55 anos (o 33%, o 30,4% e o 30,3% respectivamente).

As comarcas con maior número de demandantes, como Vigo, A Coruña, Ferrol e Ourense, seguen unha pauta na distribución por idade moi semellante á galega, mentres que as que veñen deseguido, como Santiago, Pontevedra, O Salnés e Lugo, teñen un perfil algo máis novo de demandantes.

Gráfica 12: Demandantes das dez comarcas con maior e menor número de demandantes e total galego segundo os grupos de idade. Peso relativo 2007.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Como se observa claramente na gráfica anterior, a distribución por intervalos de idade dos demandantes de emprego en Galicia segue a tónica marcada polas dez principais comarcas galegas, onde a presenza dos que contan entre 26 e 35 anos é maior que no resto de intervalos.

En cambio, nas comarcas con menor número de demandantes obsérvase unha tendencia a contar cun perfil máis envellecido de demandantes, situándose como o grupo máis importante o dos que contan con máis de 55 anos.

Táboa 23: Demandantes de emprego comarcais segundo os grupos de idade. Tendencia 2003-2007.

Comarcas	Tendencia 2003-2007				
	Menores 26	26-35	36-45	46-55	Maiores 55
Vigo	-39,4	-9,8	-21,2	-6,5	1,0
A Coruña	-37,4	-8,5	-18,7	-7,8	-0,6
Ferrol	-32,8	-8,9	-21,2	-6,2	12,6
Ourense	-33,7	-8,9	-19,7	-6,2	3,9
Santiago	-34,3	1,0	-21,1	-9,1	3,6
Pontevedra	-33,7	1,1	-16,5	-7,4	-0,2
O Salnés	-31,2	7,2	-13,5	-7,6	-7,0
Lugo	-27,8	-5,4	-21,4	-10,6	-5,5
O Morrazo	-37,1	1,0	-13,8	-8,2	-1,4
Bergantiños	-35,2	-10,0	-10,9	-3,0	8,7
Barbanza	-28,8	4,3	-16,7	-11,2	-6,1
O Baixo Miño	-30,2	2,5	-9,4	2,1	10,1
O Condado	-28,7	1,3	-8,8	-1,3	2,7
Verín	-17,1	-3,0	-2,6	10,3	10,3
Caldas	-31,8	3,1	-15,6	-9,5	-3,4
Eume	-35,6	-23,4	-22,9	7,1	9,8
Ordes	-33,6	-4,8	-15,5	-7,0	1,2
Terra de Lemos	-24,4	-15,1	-15,2	-7,7	7,4
Noia	-33,1	1,2	-12,5	-3,5	3,2
A Terra Chá	-23,7	-15,8	-15,2	-4,0	5,5
O Carballiño	-28,8	-9,1	-17,0	-4,2	9,3
Betanzos	-37,6	-1,5	-16,1	-8,0	-0,7
Fisterra	-28,8	0,1	-7,2	-1,5	5,3
Valdeorras	-20,6	-0,2	-11,5	0,5	9,9
A Limia	-23,4	-16,7	-6,4	3,7	5,2
Deza	-25,0	4,2	-12,4	-13,2	-6,9
A Mariña Occidental	-36,3	2,0	-15,1	-0,3	1,7
Tabeirós-Terra de Montes	-40,3	-8,5	-14,3	-4,2	6,5
Terra de Celanova	-32,3	-27,9	-9,1	13,9	10,7
A Mariña Central	-37,1	0,8	-12,5	-10,9	6,1
Sarria	-26,1	-11,1	-19,1	-3,3	4,0
Terra de Soneira	-21,9	1,6	-2,6	0,3	4,1
O Ribeiro	-32,6	-13,6	-22,6	-2,9	12,4
O Sar	-29,0	-3,1	-21,3	-4,6	1,8
Xallas	-31,0	-12,7	-15,0	-8,2	4,0
Arzúa	-38,1	-8,8	-12,9	-6,5	0,0
Muros	-38,2	-0,8	-5,5	2,1	-3,2
A Paradanta	-31,2	-15,2	-10,0	-14,3	1,5
Allariz-Maceda	-26,6	-2,6	-16,6	3,1	3,5
Terra de Melide	-25,4	4,3	4,6	-7,9	16,8
A Mariña Oriental	-36,5	-7,4	-18,7	-8,3	-3,5
Ortegal	-38,7	-14,1	-17,6	0,7	2,6
Chantada	-28,3	-18,7	-21,4	-18,4	2,2
A Barcala	-41,0	-16,2	-2,8	-2,9	6,4
Os Ancares	-24,1	-9,6	-21,2	-21,3	-3,2
Baixa Limia	-21,8	-28,3	-4,1	-4,2	12,4
Viana	-37,7	-26,5	-18,1	-9,5	8,5
A Ulloa	-30,6	-19,2	-13,0	-12,1	-2,3
Quiroga	-41,5	-30,5	-13,5	-17,3	2,1
Terra de Trives	-32,7	-11,1	-17,3	1,2	-3,6
A Fonsagrada	-43,1	-15,0	-15,8	-5,9	4,5
Meira	-47,2	-20,8	-19,6	-19,0	11,9
Terra de Caldelas	-46,6	-15,0	-23,7	-16,4	5,6
Galicia	-33,9	-5,8	-17,2	-6,0	2,8


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

O descenso de demandantes durante o período 2003-2007 ten maior incidencia entre os menores de 26 anos e entre os de 36 a 45 anos, -33,9% e -17,2% respectivamente. Os segmentos de 26 a 35 anos e os de 46 a 55 anos tamén descenden en número de demandantes, aínda que con valores máis suaves. En cambio, prodúcese un aumento do número de demandantes maiores de 55 anos, 2,8%.

Entodas as comarcas hai un descenso dos demandantes de menos de 26 anos. Destacan neste sentido Meira, Terra de Caldelas, A Fonsagrada, Quiroga, A Barcala e Tabeirós-Terra de Montes, con descensos por debaixo do -40%.

Por outra banda, os aumentos maiores de demandantes con máis de 55 anos prodúcese nas comarcas de Terra de Melide, Ferrol, Baixa Limia e O Ribeiro, con variacións por riba do 12%.

Gráfica 13: Tendencia 2003-2007 das dez comarcas con maior e menor número de demandantes e total galego segundo os grupos de idade.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

En función do volume de demandantes das comarcas, as comarcas máis importantes polo seu número de demandantes seguen a tendencia do conxunto, malia que teñen un crecemento menor dos demandantes maiores de 55 anos. En cambio,

nas comarcas con menor número de demandantes, prodúcese un descenso máis pronunciado dos demandantes que teñen entre 26 e 35 anos, e un incremento maior dos que contan con máis de 55 anos, o 4,5%.

Táboa 24: Demandantes de emprego comarcais segundo o nivel académico. Peso relativo 2007.

Comarcas	Peso relativo					
	Ata certificado escolaridade	Titulación Ensino Obrigatorio	Formación Profesional	Bup/Bacharelato Superior/COU	Titulación Universitaria	Outras Titulacións
Vigo	34,4	31,6	12,3	11,4	10,2	0,1
A Coruña	31,4	28,7	13,9	12,2	13,6	0,1
Ferrol	30,9	35,0	14,1	9,8	10,1	0,0
Ourense	32,1	26,4	13,5	14,5	13,3	0,2
Santiago	26,0	23,7	13,6	14,4	22,0	0,2
Pontevedra	31,7	28,4	15,0	10,1	14,8	0,1
O Salnés	34,9	36,5	12,3	8,2	8,0	0,1
Lugo	41,0	22,8	12,3	9,4	14,5	0,0
O Morrazo	36,4	31,2	16,7	7,0	8,7	0,1
Bergantiños	53,1	28,8	9,0	4,5	4,5	0,0
Barbanza	19,8	51,1	14,4	6,9	7,7	0,0
O Baixo Miño	45,2	31,0	12,3	6,1	5,3	0,1
O Condado	41,3	33,0	12,3	7,6	5,9	0,0
Verín	59,0	23,7	8,2	5,6	3,5	0,1
Caldas	35,1	39,6	13,1	5,6	6,6	0,0
Eume	40,2	30,4	13,3	7,5	8,5	0,0
Ordes	46,4	25,1	13,7	7,3	7,4	0,1
Terra de Lemos	40,6	25,1	16,6	9,3	8,4	0,0
Noia	24,7	47,0	13,2	7,4	7,8	0,1
A Terra Chá	46,7	27,9	11,0	7,1	7,3	0,1
O Carballiño	42,9	28,7	9,7	10,6	8,2	0,0
Betanzos	37,6	25,9	15,6	10,4	10,5	0,1
Fisterra	48,4	29,4	11,7	5,3	5,2	0,0
Valdeorras	42,1	28,2	14,6	6,7	8,4	0,0
A Limia	52,4	26,3	9,3	6,7	5,1	0,0
Deza	32,9	38,9	9,6	9,1	9,4	0,0
A Mariña Occidental	35,3	30,6	15,8	9,3	8,9	0,0
Taberós-T. de Montes	36,3	29,4	12,4	10,6	11,3	0,0
Terra de Celanova	54,9	24,4	8,8	7,6	4,2	0,0
A Mariña Central	37,5	25,2	17,8	8,5	10,9	0,0
Sarria	38,2	30,2	15,1	8,6	7,9	0,0
Terra de Soneira	57,8	25,9	10,0	3,4	2,8	0,1
O Ribeiro	44,9	30,1	9,5	8,0	7,4	0,1
O Sar	41,2	31,8	10,8	7,8	8,3	0,1
Xallas	53,8	29,7	8,7	3,1	4,7	0,0
Arzúa	39,1	29,4	15,8	7,3	8,4	0,1
Muros	43,8	30,3	14,2	5,7	6,0	0,1
A Paradanta	48,0	32,6	10,7	4,8	3,9	0,0
Allariz-Maceda	43,9	26,1	12,4	10,3	7,2	0,2
Terra de Melide	43,7	28,8	11,9	9,0	6,5	0,0
A Mariña Oriental	30,9	28,0	19,3	11,4	10,3	0,0
Ortegal	45,8	27,4	13,7	7,0	5,9	0,1
Chantada	41,8	28,5	11,5	9,1	8,9	0,1
A Barcala	46,0	28,6	11,7	7,9	5,9	0,0
Os Ancares	41,7	28,7	15,2	7,4	7,0	0,0
Baixa Limia	62,0	22,4	5,7	5,6	4,4	0,0
Viana	59,3	23,7	7,6	5,1	4,2	0,1
A Ulloa	41,2	33,7	9,3	8,7	7,0	0,0
Quiroga	47,7	24,6	12,8	8,0	6,9	0,0
Terra de Trives	46,4	28,9	15,3	4,5	4,9	0,0
A Fonsagrada	44,6	26,4	12,3	8,7	7,9	0,0
Meira	50,4	21,8	11,1	6,6	10,2	0,0
Terra de Caldelas	43,9	26,0	13,5	8,6	8,1	0,0
Galicia	36,3	30,2	13,0	9,9	10,6	0,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

No conxunto de Galicia predominan os demandantes con certificado de escolaridade e ensino obrigatorio, representando conxuntamente o 66,5%. A unha notable distancia sitúanse os que teñen formación profesional, o 13%, e os que contan con titulación universitaria, o 10,6%.

As comarcas de Bergantiños, Verín, Terra de Soneira, Xallas, A Paradanta, Baixa Limia e Viana acadan porcentaxes por riba do 80% no tocante aos demandantes con estudos ata ensino obrigatorio. Este menor nivel de cualificación contrasta coas baixas porcentaxes que logran nos niveis superiores.

Nas comarcas con maior volume de demandantes tenden a cobrar maior importancia que no resto os que teñen estudos universitarios, aínda que as comarcas de Vigo, Ferrol e O Salnés se sitúan lixeiramente por debaixo. Neste sentido, sobresa o alto valor rexistrado na comarca de Santiago, onde ata un 22% teñen este nivel formativo.



Táboa 25: Demandantes de emprego comarcais segundo o nivel académico. Variación 2006-2007¹.

Comarcas	Variación 2006-2007				
	Ata certificado escolaridade	Titulación Ensino Obrigatorio	Formación Profesional	Bup/Bacharelato Superior/COU	Titulación Universitaria
Vigo	-3,2	-7,2	-12,5	-12,0	-12,8
A Coruña	-3,0	-3,0	-7,6	-8,5	-12,7
Ferrol	0,4	-6,2	-9,8	-13,1	-14,9
Ourense	-2,1	-1,8	-5,8	-10,7	-13,6
Santiago	-3,1	-4,4	-8,2	-7,7	-13,5
Pontevedra	-2,4	-4,5	-8,5	-9,2	-10,5
O Salnés	-4,7	-5,2	-2,1	-1,7	-9,3
Lugo	-0,9	-7,0	-11,3	-9,7	-17,5
O Morrazo	1,7	-6,3	-7,9	-10,6	-10,6
Bergantiños	-3,2	-2,6	-6,9	-9,3	-16,2
Barbanza	-9,1	0,1	-7,8	-10,5	-12,2
O Baixo Miño	0,2	-1,0	-5,4	1,6	-17,3
O Condado	-2,9	-4,2	-5,8	-5,2	-12,8
Verín	5,4	3,9	-2,4	-2,6	8,3
Caldas	-3,7	-7,9	-4,5	-15,2	-8,2
Eume	-1,8	-6,9	-9,5	-17,4	-4,9
Ordes	-6,0	-9,3	-4,1	-13,1	-5,4
Terra de Lemos	-3,8	-8,2	-7,3	-2,7	-9,2
Noia	-5,0	3,6	-5,2	-10,8	-7,3
A Terra Cha	0,6	-7,5	-10,9	-8,0	-14,9
O Carballiño	-4,1	-6,3	-1,7	-6,7	-12,9
Betanzos	-4,5	1,0	-6,5	-6,8	-8,6
Fisterra	-3,0	-3,9	-8,4	-4,4	-3,4
Valdeorras	-5,0	-3,8	-7,5	-11,6	-8,9
A Limia	-1,0	3,7	-4,8	-0,6	-7,4
Deza	-18,6	5,1	-23,0	-10,0	-18,0
A Mariña Occidental	-6,1	-8,7	-9,5	-6,9	-20,9
Tabeirós-Terra de Montes	-4,1	-3,4	-13,3	-6,6	-19,4
Terra de Celanova	-1,6	-4,7	-1,4	-19,0	-22,7
A Mariña Central	2,8	-8,1	-11,2	-14,9	-13,4
Sarria	1,6	-3,6	-15,2	-13,3	-10,3
Terra de Soneira	-0,6	-6,4	1,3	16,5	-18,9
O Ribeiro	-2,5	-12,3	-5,0	-3,9	-5,8
O Sar	-3,3	-9,0	-5,2	-12,6	-7,8
Xallas	-4,3	-5,0	-1,8	-22,1	-8,1
Arzúa	-5,5	-12,9	-15,9	-20,9	-6,2
Muros	4,7	-9,1	1,3	2,2	-5,4
A Paradanta	-8,3	-12,3	-1,0	-10,8	-10,4
Allariz-Maceda	-2,0	-1,5	-6,0	-5,7	-7,8
Terra de Melide	2,4	4,1	-10,8	-0,1	-5,6
A Mariña Oriental	-5,1	3,7	-7,4	-8,9	-20,7
Ortega	-4,9	-5,0	-7,9	-21,7	-19,1
Chantada	-3,4	-9,9	0,3	-18,2	-15,3
A Barcala	5,2	-3,6	-8,7	-14,9	-29,5
Os Ancares	-16,4	-7,6	-7,3	-14,8	-15,4
Baixa Limia	-4,8	-0,3	1,6	-9,0	-10,7
Viana	-3,9	-5,1	-15,4	-4,7	-18,2
A Ulloa	-1,1	-12,6	-24,8	-2,1	-5,3
Quiroga	-6,8	-20,3	-10,0	-13,3	-18,4
Terra de Trives	-0,5	1,1	4,6	-27,6	14,5
A Fonsagrada	-11,8	-12,3	-14,8	-21,5	-31,1
Meira	-10,1	-24,0	-17,8	-15,8	-22,2
Terra de Caldelas	0,4	3,0	-13,6	-17,0	-33,2
Galicia	-2,6	-4,8	-8,5	-9,7	-12,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.


¹ Para este nivel de segmentación só se conta con datos dos anos 2006 e 2007.

O descenso no número de demandantes é unha das notas comúns a todos os demandantes, independentemente do seu nivel de estudos. Poren, os niveis educativos superiores teñen un descenso máis pronunciado no último ano: -12,9% os de titulación universitaria, -9,7% os de bacharelato superior e -8,5% os de formación profesional.

No tocante aos demandantes con formación profesional, sobresaen os fortes descensos en dúas comarcas próximas entre si, A Ulloa e Deza, cun -24,8% e -23% respectivamente.

Tan só nas comarcas de Terra de Trives e Verín se produce un aumento dos demandantes universitarios no último ano, 14,5% e 8,3%, respectivamente. Pola contra, destacan notablemente os descensos da Mariña Oriental, da Mariña Occidental, de Terra de Celanova, da Barcala, da Fonsagrada, de Meira e de Terra de Caldelas, que obteñen valores por debaixo do -20%.

Gráfica 14: Variación 2006-2007 das dez comarcas con maior e menor número de demandantes e total galego segundo o nivel de estudos.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

O descenso é máis acusado entre as comarcas con menor número de demandantes en todos os niveis de estudos, sobre todo no que se refire aos

demandantes universitarios, un -19,1% fronte a un -13,2% que acadan entre as dez comarcas con maior volume de demandantes.

Táboa 26: Demandantes de emprego comarcais segundo o tempo de busca de emprego. Peso relativo en 2007 e tendencia 2003-2007.


Comarcas	Peso relativo			Tendencia 2003-2007		
	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	Menos de 6 meses	Entre 6 meses e 1 ano	Máis de 1 ano
Vigo	46,2	13,7	40,1	-12,8	-25,4	-12,5
A Coruña	46,5	14,1	39,4	-11,0	-23,0	-12,5
Ferrol	36,2	12,0	51,8	-9,8	-25,0	-8,2
Ourense	41,9	14,1	44,0	-10,5	-24,2	-10,9
Santiago	48,1	15,3	36,6	-7,4	-21,5	-13,7
Pontevedra	49,8	15,4	34,8	-9,8	-16,6	-10,5
O Salnés	59,0	13,8	27,2	-6,4	-17,4	-11,4
Lugo	51,9	15,1	33,0	-9,6	-19,5	-17,3
O Morrazo	53,0	13,8	33,2	-7,4	-24,0	-12,3
Bergantiños	43,0	15,1	41,8	-10,3	-15,7	-5,0
Barbanza	59,5	14,3	26,2	-9,7	-18,9	-9,7
O Baixo Miño	46,0	14,2	39,8	-7,1	-18,8	2,0
O Condado	48,2	15,5	36,2	-6,6	-14,9	-4,0
Verín	36,9	14,2	48,9	9,2	-2,7	-2,0
Caldas	51,5	14,3	34,1	-5,1	-23,7	-13,4
Eume	31,4	9,3	59,3	-18,7	-37,6	4,3
Ordes	44,2	14,7	41,1	-11,4	-17,1	-9,0
Terra de Lemos	42,6	13,5	43,9	-8,9	-26,0	-6,1
Noia	54,3	15,5	30,1	-5,2	-14,4	-10,6
A Terra Chá	42,9	14,5	42,6	-8,6	-19,1	-8,8
O Carballiño	42,4	13,6	44,1	-5,9	-24,5	-5,4
Betanzos	47,5	15,1	37,4	-8,7	-18,9	-14,1
Fisterra	44,8	15,2	40,0	-9,3	-19,5	4,6
Valdeorras	44,4	15,3	40,3	-6,5	-12,5	1,4
A Limia	34,9	14,3	50,8	-4,0	-13,1	-3,8
Deza	52,8	15,4	31,9	-4,8	-16,6	-14,4
A Mariña Occidental	50,6	14,9	34,6	-14,2	-25,4	5,5
Tabeirós-Terra de Montes	48,1	15,6	36,3	-13,1	-20,6	-8,6
Terra de Celanova	33,0	13,2	53,8	-13,1	-20,9	3,5
A Mariña Central	56,6	15,4	28,0	-6,8	-21,8	-14,4
Sarria	45,8	14,2	40,1	-10,4	-25,9	-6,4
Terra de Soneira	44,4	15,4	40,2	2,0	-2,7	-5,6
O Ribeiro	39,4	14,1	46,5	-11,8	-23,4	-2,3
O Sar	42,8	15,2	42,0	-7,9	-11,5	-13,7
Xallas	35,1	13,3	51,6	-10,1	-22,7	-7,5
Arzúa	40,1	13,0	47,0	-17,3	-32,9	-1,5
Muros	56,8	16,7	26,5	-4,0	-12,4	-12,3
A Paradanta	44,0	14,7	41,3	-14,4	-23,4	-6,6
Allariz-Maceda	43,0	14,4	42,6	0,6	-16,8	-9,6
Terra de Melide	39,0	14,4	46,7	-2,0	-14,3	6,8
A Mariña Oriental	55,5	14,0	30,5	-8,8	-26,8	-20,1
Ortegal	46,1	14,3	39,6	-13,6	-23,3	-9,7
Chantada	43,7	13,3	43,0	-9,7	-34,6	-16,5
A Barcala	38,0	14,6	47,4	-6,4	-14,1	-10,3
Os Ancares	45,7	12,5	41,8	-7,3	-32,6	-17,2
Baixa Limia	36,8	12,7	50,5	-9,7	-23,9	3,7
Viana	39,5	14,2	46,3	-18,2	-28,3	-1,5
A Ulloa	47,7	15,1	37,2	-11,5	-22,3	-17,4
Quiroga	45,9	12,9	41,3	-15,1	-36,3	-15,4
Terra de Trives	45,5	16,5	37,9	-12,9	-8,0	-9,0
A Fonsagrada	51,3	13,0	35,7	-15,0	-34,3	-9,9
Meira	51,9	14,7	33,5	-13,2	-32,4	-22,4
Terra de Caldelas	53,1	13,4	33,5	-8,8	-37,7	-25,5
Galicia	46,2	14,1	39,7	-9,6	-21,7	-9,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os demandantes de longa duración, considerando nesta categoría os que levan rexistrados máis dun ano continuado, representan o 39,7% do total galego, mentres que os de menos de seis meses ascenden ao 46,2%.

Os demandantes de longa duración cobran especial relevancia nas comarcas de Eume, Terra de Celanova, Ferrol, Xallas, A Limia e Baixa Limia, ascendendo por riba do 50%. Pola contra, nas comarcas de Barbanza, Muros, A Mariña Central, O Salnés e A Mariña Oriental, con porcentaxes por riba do 55%, destacan en maior medida os demandantes de menos de seis meses.

Gráfica 15: Tendencia 2003-2007 das dez comarcas con maior e menor número de demandantes e total galego segundo o tempo de busca de emprego.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A distribución dos demandantes en función do tempo de busca de emprego non se ve moi condicionada segundo a dimensión da comarca de procedencia, dado que este valor non se altera dun xeito significado por esta circunstancia. Así mesmo, tampouco ten especial incidencia na evolución dos distintos tipos de demandantes. A tendencia descendente que seguen en Galicia tanto os demandantes de longa duración como os de menos de seis meses, e, especialmente, os de entre seis meses e un ano, tamén se ve reproducida para as comarcas con maior e menor número de demandantes.

Porén, é nas comarcas intermedias onde se producen maiores diferenzas no tocante á evolución dos demandantes parados de longa duración, tal e como sucede en Terra de Melide, A Mariña Occidental, Fisterra, Eume, Baixa Limia, Terra de Celanova, O Baixo Miño e Valdeorras, que ven medrar o seu número durante o período 2003-2007.

Táboa 27: Demandantes de emprego comarcais segundo os subsectores de actividade en 2007. Peso relativo.

Comarcas	Peso relativo							
	Agricultura e pesca	Industria	Electricidade	Construción	Comercio e hostalaría	Transporte e comunicacións	Outros servizos	Sen actividade
Vigo	2,1	18,7	0,1	7,0	22,9	3,5	30,5	15,2
A Coruña	1,6	13,3	0,2	7,2	23,1	3,7	39,7	11,2
Ferrol	1,5	18,7	0,9	7,9	18,1	1,9	30,0	21,0
Ourense	1,6	13,1	0,1	9,6	23,2	2,5	34,7	15,1
Santiago	1,3	9,6	0,2	8,2	22,1	2,8	39,8	16,2
Pontevedra	3,0	11,0	0,0	8,6	21,2	2,7	36,9	16,5
O Salnés	3,1	17,0	0,0	9,0	27,0	3,3	26,9	13,6
Lugo	1,9	7,6	0,2	6,9	20,9	3,0	38,6	20,9
O Morrazo	9,7	14,0	0,1	6,5	19,0	5,6	30,1	15,1
Bergantiños	2,9	30,9	0,4	16,0	14,5	2,1	21,7	11,5
Barbanza	8,4	26,3	0,3	8,7	18,4	5,2	20,0	12,7
O Baixo Miño	8,9	15,5	0,2	11,0	24,2	1,8	21,9	16,6
O Condado	5,4	17,2	0,1	11,1	25,5	2,5	25,1	13,0
Verín	3,6	18,2	1,3	13,8	19,8	1,8	21,6	19,8
Caldas	2,6	19,1	0,0	14,0	19,2	2,4	23,6	19,2
Eume	0,9	18,2	26,4	7,3	12,2	1,2	21,3	12,5
Ordes	2,4	25,1	0,1	12,8	17,4	2,7	22,5	16,9
Terra de Lemos	2,8	10,2	0,2	12,7	17,9	2,8	32,1	21,3
Noia	8,6	14,7	0,3	14,6	19,3	3,7	26,2	12,6
A Terra Chá	3,2	14,1	1,9	16,5	21,7	3,6	25,6	13,3
O Carballiño	2,9	15,3	0,3	12,2	20,3	2,0	31,5	15,4
Betanzos	1,7	12,9	1,0	10,4	23,2	3,2	32,3	15,2
Fisterra	5,9	11,0	2,4	15,3	19,0	2,9	24,9	18,6
Valdeorras	2,4	24,9	0,4	9,9	22,8	2,1	23,6	14,0
A Limia	6,1	15,1	0,1	12,8	20,9	2,0	28,8	14,2
Deza	3,2	19,6	0,2	11,7	19,7	2,8	24,3	18,5
A Mariña Occidental	7,4	7,2	0,1	8,0	24,2	1,7	37,5	13,9
Tabeirós-Terra de Montes	2,2	12,7	0,1	12,5	21,1	2,2	27,4	21,8
Terra de Celanova	3,6	15,5	0,3	15,3	17,5	2,2	30,7	14,8
A Mariña Central	8,2	11,2	0,2	9,1	22,3	2,3	30,4	16,4
Sarria	3,0	12,2	0,2	11,7	22,8	3,4	28,8	17,9
Terra de Soneira	6,3	18,9	0,1	20,2	16,7	1,9	20,0	15,9
O Ribeiro	5,2	13,2	0,1	12,3	19,1	2,0	31,6	16,6
O Sar	1,9	19,3	0,1	13,4	18,0	2,3	33,3	11,7
Xallas	2,0	15,0	0,0	27,2	15,5	2,1	27,6	10,6
Arzúa	4,4	17,3	0,0	12,4	16,9	2,7	28,2	18,1
Muros	7,0	21,6	0,0	14,8	17,3	5,0	21,1	13,2
A Paradanta	3,8	12,4	0,2	15,9	18,0	2,0	30,7	16,8
Allariz-Maceda	5,0	21,4	0,3	14,4	14,9	3,1	27,5	13,4
Terra de Melide	2,8	17,8	0,1	8,7	14,7	3,1	25,1	27,8
A Mariña Oriental	4,6	9,9	0,2	11,0	27,8	2,9	28,8	14,8
Ortega	12,5	13,8	0,7	11,0	18,0	2,2	27,1	14,7
Chantada	5,7	10,6	0,2	17,6	21,1	3,5	29,1	12,3
A Barcala	2,4	13,1	0,1	17,4	18,8	2,2	36,4	9,6
Os Ancares	8,0	7,6	0,1	15,4	19,5	5,3	32,8	11,2
Baixa Limia	9,8	9,8	0,1	17,1	17,8	1,1	33,0	11,4
Viana	4,4	9,7	1,2	20,0	14,6	4,1	30,9	15,2
A Ulloa	7,3	16,3	0,0	16,7	18,4	2,2	27,6	11,6
Quiroga	6,9	10,9	0,4	14,2	16,5	2,6	31,7	16,7
Terra de Trives	3,7	14,8	4,5	14,2	17,0	3,8	32,6	9,4
A Fonsagrada	10,4	13,2	0,1	9,1	14,9	2,6	33,7	16,1
Meira	7,1	12,2	0,0	8,7	15,2	2,4	39,4	14,9
Terra de Caldelas	4,5	9,3	0,0	14,5	12,2	1,7	45,3	12,6
Galicia	3,2	15,7	0,6	9,5	21,2	3,0	31,4	15,4

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A distribución dos demandantes segundo o subsector económico de procedencia amosa o predominio doutros servizos, 31,4%, seguido a continuación por comercio e hostalaría, 21,2%, e industria, 15,7%. A unha certa distancia sitúanse os demandantes que proceden da construción, 9,5%, da agricultura e pesca, 3,2%, e do transporte e comunicacións, 3%. O subsector da electricidade ten escaso peso en case todas as comarcas, coa excepción de en Eume, onde o 26,4% procede deste subsector.

Nas dez principais comarcas o subsector máis importante é o doutros servizos, coa excepción do Salnés, onde cobra maior importancia comercio e hostalaría, 27%. A continuación sitúase outros servizos, seguido a certa distancia pola industria. As comarcas nas que maior peso ten o subsector de agricultura e pesca son as de Ortegal, A Fonsagrada, Baixa Limia e O Morrazo, con porcentaxes por riba do 9%.



Táboa 28: Demandantes de emprego comarcais segundo os subsectores de actividade. Tendencia 2003-2007.

Comarcas	Tendencia 2003-2007					
	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Comercio e hostalaría	Transporte e comunicacións	Outros servizos
Vigo	-5,6	-20,1	-15,4	-14,2	-15,9	-10,9
A Coruña	-7,5	-13,1	-20,0	-12,9	-16,7	-4,7
Ferrol	6,1	-6,3	-21,4	-10,6	-22,4	-4,3
Ourense	7,4	-11,3	-12,5	-8,2	-0,8	-10,9
Santiago	6,5	-4,4	-18,2	-10,1	-5,6	-2,9
Pontevedra	-6,2	-16,2	-18,4	-13,5	-20,7	1,2
O Salnés	-8,7	-12,8	-15,9	-7,5	-16,9	-2,3
Lugo	-7,6	-22,3	-24,7	-18,5	-26,0	-9,5
O Morrazo	-4,8	-20,7	-15,3	-8,7	-21,4	-3,0
Bergantiños	-12,7	-0,7	-17,1	-11,6	-27,1	-5,7
Barbanza	-7,0	-13,0	-15,0	-10,3	-13,8	-11,7
O Baixo Miño	2,0	-12,1	-5,1	-2,3	-7,3	-5,1
O Condado	7,4	-15,5	-6,8	6,1	-0,6	2,6
Verín	7,5	-1,5	-12,0	4,7	-11,4	2,0
Caldas	-1,4	-16,8	-5,9	-9,9	-4,4	-5,3
Eume	-25,5	19,1	-25,2	-17,6	-30,6	-13,9
Ordes	-11,4	-3,5	-21,8	-5,1	-9,7	-9,7
Terra de Lemos	0,5	-18,2	-18,1	-13,0	-18,7	-7,9
Noia	-1,3	-13,9	-11,8	-7,3	-7,3	-4,1
A Terra Chá	-0,8	-12,8	-17,0	-10,2	-12,4	-8,8
O Carballiño	9,8	-7,1	-16,5	-8,7	-16,2	-0,6
Betanzos	-6,2	-10,4	-19,7	-7,2	1,1	-7,7
Fisterra	17,6	-4,4	-12,1	-0,1	-30,2	-7,8
Valdeorras	29,8	-5,6	-7,4	-3,5	-6,9	-8,8
A Limia	18,9	-4,7	-13,6	2,6	-1,6	-5,8
Deza	-3,2	7,7	-21,9	0,2	-18,6	-14,3
A Mariña Occidental	16,8	-23,4	-19,0	-5,2	-24,2	-8,1
Tabeirós-Terra de Montes	-0,7	-8,0	-17,5	-6,0	-18,8	-9,0
Terra de Celanova	10,5	-14,5	-6,8	-6,0	-10,0	-1,7
A Mariña Central	37,8	-5,2	-20,2	-9,6	-17,4	-18,9
Sarria	-2,5	-10,3	-12,5	-5,4	-22,1	-15,1
Terra de Soneira	16,8	-0,7	-15,2	4,2	-4,6	-4,1
O Ribeiro	-7,4	-18,0	-14,1	-1,5	-17,7	-11,7
O Sar	-2,5	-19,7	-8,5	-17,6	-9,5	8,0
Xallas	-14,5	-6,6	-21,8	-18,5	-23,5	9,3
Arzúa	-2,3	-12,9	-21,9	-12,1	-25,1	-5,0
Muros	0,1	-8,7	-16,5	-3,6	-32,5	-4,7
A Paradanta	-14,0	-26,2	-22,2	-10,3	-36,3	2,1
Allariz-Maceda	20,7	2,5	-15,4	-2,1	10,4	-11,7
Terra de Melide	2,5	-2,1	-20,9	-14,0	-0,3	13,4
A Mariña Oriental	8,1	-9,9	-20,6	-13,8	-11,3	-23,7
Ortegal	17,7	-28,7	-18,2	-4,8	-16,5	-14,0
Chantada	10,7	-28,4	-17,9	-16,2	-16,3	-21,2
A Barcala	-3,6	4,0	-18,9	-17,6	-29,8	6,9
Os Ancares	-2,4	-22,1	-23,4	1,1	-8,9	-18,8
Baixa Limia	3,8	-7,7	-12,6	2,3	-23,8	-10,2
Viana	-13,2	-4,6	-27,7	-2,6	-10,8	-14,7
A Ulloa	18,7	-25,0	-16,8	-1,3	-22,7	-25,8
Quiroga	-20,6	-25,2	-27,1	-1,4	-40,2	-18,7
Terra de Trives	21,5	5,9	-29,6	-5,0	1,4	-5,7
A Fonsagrada	-9,2	-20,4	-22,4	-11,4	-49,3	-9,0
Meira	1,1	-17,4	-17,2	-17,5	-4,4	-22,4
Terra de Caldelas	-7,9	-15,6	-2,8	-19,9	-48,0	-19,4
Galicia	-0,7	-12,6	-16,8	-10,4	-16,2	-6,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Rexístrase en todos os subsectores relevantes un descenso do número de demandantes durante o período 2003-2007. Os demandantes procedentes da construción, -16,8%, transporte e comunicacións, -16,2%, e industria, -12,6%, teñen as variacións máis destacadas; mentres os de maior importancia, como outros servizos ou comercio e hostalaría, experimentan variacións de -6,7% e -10,4%, respectivamente. Os derivados de agricultura e pesca obteñen un leve descenso para este período, -0,7%.

Neste último subsector prodúcense aumentos importantes de demandantes nas comarcas da Mariña Central, Valdeorras, Terra de Trives e Allariz-Maceda, todas cun incremento por riba do 20% no período de referencia.

As comarcas de Eume, Terra de Trives, Deza, A Barcala e Allariz-Maceda tamén teñen tendencias opostas á maioría das comarcas no subsector da industria, dado que ven incrementado o número de demandantes neste período.

Atendendo ao subsector predominante, outros servizos, obsérvase que o número de demandantes medra nas comarcas de Terra de Melide, Xallas, O Sar e A Barcala por riba do 5%. As comarcas do Condado, Verín e Terra de Soneira aumentan este colectivo no subsector de comercio e hostalaría por riba do 4%. No referente ao subsector da construción, a nota máis destacada é o descenso xeneralizado no conxunto das comarcas do número de demandantes.

3.3.2. Demandantes parados

Táboa 29: Demandantes parados comarcais. Total e participación 2007. Variación 2006-2007².

Comarcas	Total	Participación %	Variación 2006-2007 %
Vigo	25.680	17,1	-9,2
A Coruña	19.960	13,3	-6,0
Ferrol	10.444	6,9	-5,2
Santiago	8.851	5,9	-7,5
Ourense	8.220	5,5	-8,7
Pontevedra	6.592	4,4	-5,8
O Salnés	6.373	4,2	-6,8
Lugo	5.614	3,7	-6,9
O Morrazo	5.095	3,4	-3,8
Bergantiños	4.438	2,9	-4,4
Barbanza	3.359	2,2	-6,3
O Baixo Miño	3.148	2,1	-2,8
O Condado	2.641	1,8	-4,8
Verín	2.216	1,5	2,9
Caldas	2.056	1,4	-8,5
Noia	1.772	1,2	-2,0
Terra de Lemos	1.706	1,1	-7,1
Ordes	1.690	1,1	-9,0
A Terra Chá	1.659	1,1	-5,2
Fisterra	1.608	1,1	-5,1
Betanzos	1.586	1,1	-5,2
